

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 2 DE XUÑO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamarín da totalidade da estrada autonómica OU-189 e o seu dominio público asociado.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Narón da totalidade da estrada AC-114 denominada O Val (AC-116)-Baltar.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Deputación de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para acometer a execución das obras de creación dunha senda peonil e un carril bici na vía principal de conexión entre a vila de Xinzo e os campos de fútbol da Moreira e Carreira, cun investimento de trescentos cincuenta mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (350.599,07€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por un importe total de cincocentos setenta e tres mil novecentos vinte e seis euros con vinte e sete céntimos (573.926,27€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago para o apoio ao funcionamento en condicións de seguridade da Catedral no Ano Santo Xacobeo



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

21-22, por importe total de douscentos cinco mil cincocentos noventa euros (205.590 €).

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento wifi para centros integrados na rede corporativa da Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0059), por un valor estimado de oito millóns de euros (8.000.000,00€).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se amplía a dotación orzamentaria da convocatoria de subvencións do Programa do bono de alugueiro social, para o exercicio 2021.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Paderne de Allariz para o abastecemento a San Cristovo, Paderne de Allariz (Ourense), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de douscentos setenta e cinco mil euros (275.000 €).

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao centro de educación especial Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de dezanove mil novecentos trinta e seis euros (19.936 €).

### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados de ata o 100% e a exención da constitución de garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de Rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 mediante axudas directas para o apoio á



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solvencia e redución do endebedamento do sector privado, a través do Programa I de persoas traballadoras autónomas en estimación obxectiva (TR600A), do Programa II de apoio as persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras, ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2 mill de € (TR600B) e do Programa III de apoio as persoas traballadoras autónomas ou empresas con máis de 10 persoas traballadoras, e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de euros, ou empresas de máis de 25 persoas traballadoras (TR600C), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por un importe total de douscentos trinta e catro millóns catrocentos setenta mil oitocentos oitenta euros (234.470.880 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Sanidade e do Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidade humana e animal, por importe de catrocentos trinta e cinco mil seiscientos euros (435.600 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración de actuación conxunta entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos, para o desenvolvemento do proxecto "Sanidade servizo de microbioloxía 4.0, saúde 4.0: microbioloxía", cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 no marco dun convenio de colaboración establecido co Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, que prevé un importe total de oitocentos sesenta e catro mil cincocentos nove euros (864.509,00 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para superar a porcentaxe nos pagamentos á conta e anticipados, e para adquirir compromisos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de gastos de carácter plurianual na Orde pola que e regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono Concilia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2021/22. Importe total: dous millóns once mil setecentos sesenta e dous euros (2.011.762,00€).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Fondo Español de Garantía Agraria O.A. e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de traballos de control sobre o terreo por monitorización nas campañas 2021-2022 por un importe total de catrocentos oitenta e catro mil douscentos vinte e cinco euros con once céntimos (484.225,11 €).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña para o Plan da Cultura Marítima de Galicia-Horizonte 2030 (Pcuma).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os establecementos adheridos ao Bono Activa Comercio da Xunta de Galicia.
- Informe sobre a convocatoria do programa de axudas para a realización de actuacións de eficiencia enerxética en instalacións agropecuarias.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre a Guía de xestión documental para os arquivos de xestión da Xunta de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo,



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

material para diagnóstico (probas PCR detección xenética, probas rápidas detección COVID), unidades de reactivos auxiliares e material de microbioloxía e bioquímica, material para tratamento da enfermidade (tubuladuras, máscaras de oxíxeno e respiración asistida) así como elementos de protección individual (batas, luvas, máscaras), por un importe de tres millóns seiscientos cincuenta e seis mil douscentos sesenta e seis euros con oitenta e sete céntimos, IVE incluído (3.656.266,87 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o II Plan de apoio ás familias numerosas de Galicia 2021-2023.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE VILAMARÍN DA ESTRADA AUTONÓMICA OU-189 EN SAN MARTIÑO E PAZOS DE MONTE

- *A Xunta transfírelle ao Concello a totalidade da vía de modo previo á licitación das obras de mellora da accesibilidade, que serán financiadas integramente pola Administración autonómica cun investimento de case 455.000 euros*
- *Actuarase neste treito antigo da OU-901, de preto de 2,3 km de lonxitude, na renovación das beirarrúas en ambas as marxes da travesía Pazos de Monte, e na contorna do peitoril do río instálase protección peonil e de contención de vehículos*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *Coa transferencia corresponderánlle ao Concello de Vilamarín a conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria*
- *O Goberno galego fomenta investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Vilamarín, da totalidade da estrada OU-189 en San Martiño e Pazos de Monte.

A Xunta e o Concello de Vilamarín asinaron en maio deste ano un convenio de colaboración polo que a Administración autonómica se comprometía a asumir o financiamento das obras de mellora da accesibilidade da estrada autonómica, cun investimento de case 455.000 euros.

Pola súa banda, o Concello comprometeuse á adxudicación e á execución das obras, e a Xunta realizará o cambio de titularidade de modo previo á súa licitación por parte da Administración local.

A estrada obxecto de transferencia é un resto da antiga OU-901, conta lonxitude de preto de 2,3 quilómetros de lonxitude e actualmente carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

A partir da entrega, correspóndenlle ao Concello de Vilamarín todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

### **As obras que se van desenvolver**

Deste xeito, de acordo co citado convenio de colaboración, o Concello de Vilamarín desenvolverá as intervencións de mellora da accesibilidade proxectadas nesta vía, de calzada única con carrís de 3 metros, en xeral sen beiravía e beirarrúas, agás nalgúns treitos das citadas parroquias.

As obras comprenden a mellora do estado do firme e da accesibilidade desta estrada, coa renovación da capa de rodadura da plataforma.

Na actuación inclúese a construción de senda-cuneta en pavimento de formigón e senda cuneta peonil, entre os puntos quilométricos 1+810 e 1+880, e a renovación das beirarrúas en ambas as marxes da travesía Pazos de Monte, desde o punto 1 á intersección do punto quilométrico 1+130.


Tamén se prevén actuacións para a recollida de augas naqueles puntos en que se altere a sección transversal e a instalación de protección nas inmediacións do peitoril do río, no punto quilométrico 1+665, para protección peonil e como sistema de contención de vehículos.

As obras completaranse con nova iluminación para incrementar a seguridade dos treitos con tránsito peonil.


O Goberno galego segue a fomentar investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía.

Treito obxecto da actuación e do cambio de titularidade:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Detalle da actuación en San Martiño:





## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE NARÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-114 ENTRE OS NÚCLEOS DO VAL E DE BALTAR

- *Transfírense os 630 metros desta vía, que ten o seu inicio á altura do punto quilométrico 6+280, marxe esquerda, e discorre na súa totalidade polo municipio*
- *A Xunta investiu recentemente máis de 48.000 euros no seu acondicionamento*
- *O Concello terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Narón, da estrada autonómica AC-114, entre os núcleos do Val e de Baltar, no concello de Narón.

O Concello solicitou ao Departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade desta estrada ao seu paso polo lugar de Baltar, na parroquia do Val. A entidade local basea a súa solicitude na funcionalidade desta vía de carácter local, así como en que non serve de soporte ao transporte interurbano nin dá acceso a un equipamento de interese autonómico.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Xunta na Coruña, formula a proposta favorable de transferencia dos 630 metros de lonxitude da AC-114, que ten o seu inicio á altura do punto quilométrico 6+280, marxe esquerda, e que discorre na súa totalidade polo municipio de Narón. O treito foi obxecto de acondicionamento recente por parte da Xunta, cun investimento de máis de 48.000 euros.

As actuacións executadas polo Goberno galego leváronse a cabo en toda a estrada co fin de mellorar o acceso ao convento de Baltar e incluíron o estendido dunha capa de rodadura, a execución de cuñas de transición nos accesos a vivendas e a reposición da sinalización.

A transferencia a prol do Concello de Narón tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósase o tramo obxecto de transferencia tras a obra de acondicionamento executada:

## **XINZO DE LIMIA MELLORARÁ A ACCESIBILIDADE DAS SÚAS VÍAS MUNICIPAIS COA SENDA PEONIL DA MOREIRA GRAZAS A UN CONVENIO DE 350.000 EUROS ENTRE XUNTA, DEPUTACIÓN E CONCELLO**

- *O proxecto ten por obxecto a definición das obras necesarias para a execución da senda peonil e un carril bici na vía principal de conexión entre a vila de Xinzo e os campos de fútbol da Moreira e José Antonio Fernández Carrera*

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo da Limia para a execución das obras de creación dunha senda peonil e un carril bici na vía principal de conexión entre a vila de Xinzo e os campos de fútbol da Moreira e José Antonio Fernández Carrera. En total, o convenio contará cun importe de máis de 350.000 euros (350.599,07 euros) dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte achegará 67.307,63 euros, a Deputación outros 150.000 euros e o Concello os restantes 133.291,44 euros.

O proxecto ten por obxecto a definición das obras necesarias para a execución das demolicións, limpeza, nivelación e pavimentación para a creación da senda peonil coa supresión de barreiras arquitectónicas e a execución do carril bici e substitución das lámpadas de iluminación e a mellora do firme con novas capas de rodadura da vía principal e de todas as vías anexas que dan servizo á infraestrutura deportiva para os usuarios comarcais. Neste sentido, mellorarase a accesibilidade e mobilidade urbana ata a infraestrutura deportiva que soporta un gran número de rapaces e rapazas pertencentes ás escolas deportivas de fútbol e atletismo, entre os cales se encontra o club de atletismo de Limia.

A maior parte dos rapaces de Xinzo desprázanse ata a infraestrutura camiñando ou en bicicleta, o cal resulta agora mesmo moi perigoso e sen accesibilidade. A mellora da infraestrutura peonil e a creación do carril bici debe adaptarse a usos respectuosos con formas de vida saudables e sostibles nas súas manifestacións cotiás: camiñar, espallarse, desprazarse, relacionarse e montar en bicicleta. Deste xeito, as actuacións proxectadas terán como fin mellorar a seguridade peonil do acceso ás escolas deportivas e das persoas que utilicen as instalacións, así como potenciar os recursos naturais e paisaxísticos da zona.

A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros con que conta en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020, cando se destinaron ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

## A XUNTA REFORZA O MANTEMENTO E A SEGURIDADE DO COMPLEXO CATEDRALICIO CUNHA ACHEGA DE CASE 780.000 EUROS

- *A Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, asinará dous convenios para o reforzo da limpeza, mantemento e seguridade da Catedral e do Centro de Acollida aos Peregrinos durante 2021*
- *En total, o Goberno galego achega durante este ano algo máis de 941.000 euros para garantir a celebración dun Xacobeo seguro no templo compostelán*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira a través da Axencia Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o reforzo da seguridade e o apoio ao funcionamento da limpeza no complexo catedralicio, por un importe total de case 780.000 euros, con motivo das necesidades especiais derivadas da celebración deste Ano Santo Dobre.

Ambos os convenios se suman ao autorizado o pasado mes de abril tamén coa S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela por un importe total de 162.000 euros, o que supón que a Xunta de Galicia achegará algo máis de 941.000 euros para garantir os servizos de limpeza, mantemento e seguridade precisos ante as novas circunstancias derivadas da COVID-19 e a celebración do Ano Santo Xacobeo.

### **Reforzo na atención e na seguridade**

Os convenios autorizados hoxe tradúcense en acordos de colaboración que se estenderán ao longo deste 2021. O primeiro deles, por importe de case 574.000 euros, está destinado para o reforzo do persoal de seguridade no complexo catedralicio (templo e oficina de atención ao peregrino) co obxectivo de dispor de dispositivos de resposta rápida ante casos de emerxencia, ademais de reforzo das medidas de seguridade de peregrinos e visitantes de carácter cotiá.

O segundo dos convenios, por importe de 205.590 euros, está orientado ao apoio dos custos adicionais derivados da implantación das medidas de prevención da COVID-19 no complexo catedralicio e, polo tanto, do reforzo este ano da limpeza e das actuacións de mantemento, entre outras medidas.

Coa sinatura destes dous novos acordos, a Xunta mantén só para este ano un total de tres acordos coa S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela de cara á celebración do Ano Santo. O primeiro deles autorizábase o pasado mes de abril para financiar os gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos.

## **A XUNTA INSTALARÁ MÁIS DE 10.000 PUNTOS DE ACCESO WIFI NOS SEUS CENTROS INTEGRADOS NA REDE CORPORATIVA, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS**

- *O Consello da Xunta aproba o proceso de licitación por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) dun acordo marco para a subministración de equipamento wi-fi para as persoas usuarias de rede corporativa*
- *A actuación permitirá rematar a dotación con wi-fi de todos os espazos docentes dos centros educativos públicos dependentes da Xunta*
- *O acceso sen fíos adáptase mellor que o cableado tradicional ao novo modelo de posto dixital avanzado que ten en marcha a Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para tramitar o expediente de contratación mediante un acordo marco da subministración de equipamento wi-fi para centros integrados na rede corporativa da Administración autonómica.

Esta actuación permitirá a instalación de 20.310 puntos de acceso sen fíos cun investimento previsto de 9,68 millóns de euros (con IVE). O acordo marco terá unha duración de dous anos, que se poderán prorrogar outros dous ata esgotar o gasto estimado.

O acordo marco posibilitará rematar coa dotación de puntos de acceso sen fíos a todos os espazos docentes dos centros educativos dependentes da Xunta de Galicia. Tamén ampliará a dotación en bibliotecas, museos e centros residenciais, entre outros.

A wifi é unha tecnoloxía máis vantaxosa fronte ao cableado tradicional en contornos nos cales é preciso contar con flexibilidade de localización dos postos de traballo. O Plan 2021-2023 de posto de traballo avanzado do persoal empregado público establece precisamente as bases para un novo modelo adaptado a contornos en que é preciso contar con esa mobilidade.

O acordo marco permitirá, ademais, dar resposta a unha demanda crecente por parte dos usuarios da Rede corporativa da Xunta de Galicia de acceder aos seus servizos mediante o uso da wifi.

A actuación inclúe, así mesmo, a instalación de 5.076 adaptadores dos puntos de acceso á infraestrutura centralizada, 2 controladores de tráfico, 2 nodos adicionais de xestión e 4 nodos adicionais de autenticación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade está a piques de rematar a vixencia doutro acordo marco que permitiu a instalación de 7.800 puntos de acceso sen fíos á rede corporativa, por un importe duns 4 millóns de euros.

A decisión de hoxe do Consello alíñase coa Estratexia Galicia Dixital 2030, que no seu Eixe estratéxico 1 establece a necesidade de desenvolver un Goberno e Administración intelixentes.

## **A XUNTA AMPLÍA OS FONDOS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL PARA CHEGAR ATA OS 4,4 MILLÓNS DE EUROS ESTE ANO**

- *O prazo de presentación de solicitudes deste programa, do cal xa se concederon 110 novas axudas no que vai de ano, está aberto ata o 10 de decembro*
- *Desde a posta en marcha do plan no ano 2015 concedéronse 1.245 subvencións, por un total de máis de 7,3 millóns de euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o acordo polo que se autoriza ampliar os fondos do Bono alugueiro social ata chegar aos 4,4 millóns de euros neste ano.

Trátase dunha liña de subvencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que foi convocada en xaneiro e que, tal e como se comprometera, amplía o crédito en case 1,5 millóns de euros; unha contía que se suma aos 1,5 millóns iniciais da convocatoria e aos 1,4 millóns das axudas complementarias.

Así, a Xunta facilita o acceso e o mantemento dunha vivenda en réxime de alugueiro a aqueles colectivos con maiores dificultades económicas.

Cabe salientar que a través da convocatoria deste ano xa se concederon 112 novas axudas, a totalidade das solicitudes que cumprían os requisitos que se establecen na orde. Así, a ampliación de crédito autorizada hoxe permitirá seguir atendendo as peticións que se presenten antes do 10 de decembro, data en que pecha o prazo.

Segundo a convocatoria, o bono que reciba cada beneficiario serán dunha contía de 225, 200 ou 175 euros ao mes, equivalentes como mínimo ao 50 por cento da renda mensual máxima da vivenda alugada segundo a localidade en que estea. A modo de exemplo, nas sete cidades o alugueiro poderá chegar ata os 450 euros mensuais; en concellos de tamaño medio, o límite será de 400 euros e, no resto, de 350 euros.

A concesión inicial da axuda será por un período de 12 meses, prorrogables por dous anos máis logo de petición do interesado. Posteriormente, poderase ampliar tamén de forma extraordinaria por outros tres exercicios, polo que a duración máxima de percepción das subvencións se poderá estender ata os seis anos.

Así mesmo, o Bono de alugueiro social tamén prevé a concesión dunha axuda adicional de 600 euros para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de que o beneficiario permaneza na mesma vivenda, para atender débedas subsistentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Complemento pola COVID-19**

A pandemia sanitaria da COVID-19 afectou de xeito especial este colectivo, polo que desde o ano pasado o Instituto Galego da Vivenda e Solo decidiu completar a axuda ata o cen por cento do importe do alugueiro, algo para o que conta este exercicio cos ditos 1,4 millóns de euros.

Desde a posta en marcha deste programa no ano 2015, concedéronse un total de 1.245 bonos de alugueiro social, aos cales hai que engadir os case 600 expedientes de axudas complementarias, para un importe global destinado a este programa que ascende a máis de 7,3 millóns de euros.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO DE AUGA O NÚCLEO DE SAN CRISTOVO CUN INVESTIMENTO DE 275.000 EUROS

- *A Xunta achegará o 80% do orzamento, 220.000 euros, e executará as obras, mentres que o Concello de Paderne de Allariz contribuirá co 20% restante, 55.000 €*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de cinco meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia*
- *Completarase o servizo en todo o municipio, a través da execución dunha rede de abastecemento para a súa conexión coa existente, beneficiando unha poboación fixa de 62 habitantes para o ano horizonte 2045*
- *O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Paderne de Allariz para dotar do servizo de abastecemento o núcleo de San Cristovo, cun investimento de 275.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 220.000 euros. O Concello de Paderne de Allariz contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 55.000 euros.

Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de cinco meses. As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Pola súa banda, a entidade local tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

### As obras que se van executar

Na actualidade, o concello de Paderne de Allariz conta cunha rede de abastecemento que dá subministración a todos os núcleos do municipio salvo a San Cristovo. Isto é debido a que o depósito de cabeceira se encontra a unha cota inferior ao dito núcleo, polo que a poboación de San Cristovo se abastece na actualidade a través de acometidas particulares ou colectivas.


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras recollidas no convenio autorizado hoxe polo Goberno autonómico buscan completar este servizo no municipio a través da execución dunha rede de abastecemento composta por conexión con rede existente, bombeo, novo depósito, impulsión para levar as augas ata o novo depósito de subministración e unha rede en árbore para a súa distribución.

Esta actuación permitirá dar servizo a unha poboación fixa de 62 habitantes para o ano horizonte 2045.

O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

Na seguinte imaxe amósase a planta das actuacións extraída do proxecto construtivo:



## A XUNTA SUBVENCIONA CUNHA ACHEGA DE 20.000 EUROS O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PONTEVEDRA

- *A Consellería de Educación renovará o convenio coa Deputación de Pontevedra para atender 40 usuarios deste centro o vindeiro curso escolar*
- *Este acordo enmárcase dentro do apoio do Goberno galego ás distintas entidades para facilitar este servizo complementario ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial de Pontevedra a través do cal o Goberno galego financia con 20.000 euros o funcionamento do servizo de comedor escolar do Centro de Educación Especial Pontevedra (antigo CEE Príncipe Felipe) da cidade do Lérez para o próximo curso escolar.

Ao abeiro desta colaboración, a Xunta subvenciona os menús dos 40 comensais deste centro durante todo o curso, mentres que a Deputación de Pontevedra se compromete a facilitar ao alumnado con discapacidade a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor.

Este convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra -que se leva mantendo desde o curso 2015/16- enmárcase dentro dos acordos de colaboración que a Consellería subscribe ano a ano con distintos colectivos de atención á diversidade co fin de facilitar este servizo complementario ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa. De feito, para o vindeiro curso hai acordos con 14 asociacións especializadas na atención a estas persoas, que permite ofrecer este servizo a 488 alumnos de 18 centros por un importe de preto de 208.000 euros.

Cómpre subliñar o carácter didáctico que supón un comedor escolar para este alumnado, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

### **Colaboración con concellos, anpas e entidades**

Doutra banda, a Consellería de Educación mantén convenios de colaboración con 16 concellos de Galicia a través dos cales financia os menús de 4.754 usuarios de 53 centros públicos. Así mesmo, destina axudas a anpas para a xestión de 138 comedores que suman outras 11.814 prazas.

Non obstante, a maior parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia Consellería, cun total de 417 que atenden 61.644 usuarios. Cómpre

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lembrar que, no caso destes comedores escolares, o 80,35% dos usuarios teñen o servizo totalmente gratis ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día a aboa un 14,42% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.

No actual curso 2020/21, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destina máis de 32M€ aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas anpas. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 16.987 desde o curso 2008/09, un 30% máis neste período.

## CO TERCEIRO PLAN DE RESCATE, A XUNTA TERÁ POSTO A DISPOSICIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESAS MÁIS DE 416 MILLÓNS DE EUROS EN SEIS MESES

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de Rescate por importe de 234,4 millóns de euros*
- *A convocatoria está financiada con cargo aos fondos finalistas do Estado, dos que corresponden a Galicia o 3,34% dos 7.000 millóns transferidos ás comunidades autónomas para esta finalidade*
- *A orde autonómica axústase ao Real Decreto estatal, que establece o marco xurídico das axudas, os requisitos de elixibilidade e os criterios para fixar as contías*
- *A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, prioriza a autónomos e pequenos empresarios, que representan o 97% do tecido produtivo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de Rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19. O importe da convocatoria ascende a un total de 234.470.880 euros, financiados con cargo aos fondos finalistas do Estado para o apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia. Dito importe supón o 3,34% do total de 7.000 millóns de euros transferidos ás comunidades autónomas para esta finalidade.

A orde autonómica axústase ao Real Decreto-ley 5/2021, que establece o marco xurídico das axudas, os requisitos de elixibilidade e os criterios para fixar a contía dos apoios económicos. Neste marco, as cantidades percibidas deberán ir dirixidas a satisfacer pagos a provedores e acredores, financeiros ou non, así como ós custos fixos incorridos entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021.

Os beneficiarios deberán ter un resultado positivo no exercicio 2019 aínda que, excepcionalmente, poderán acceder os autónomos ou empresas que, tendo resultado negativo, acrediten a súa solvencia financeira.

O texto estatal establece ademais como condición para optar ás axudas estar incluído na lista de 95 actividades económicas (CNAEs) concretada no Anexo I, se ben nunha modificación posterior do decreto, o Goberno autorizou ás comunidades autónomas a incrementar a lista de CNAEs coa debida xustificación.

De acordo co pactado no Diálogo Social e a Mesa de Autónomos, a Xunta decidiu estender as axudas a todas as actividades económicas, e non só aos CNAEs que aparecen no real decreto, sempre e cando poidan acreditar unha caída do volume de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

operacións dun 40% ou mais, o que demostraría unha clara afección ao negocio por mor da pandemia.

Co obxectivo de garantir a maior axilidade posible, minimizando a burocracia disposta no real decreto, o Goberno galego aplicará o mesmo criterio que no primeiro e segundo plan de rescate, é dicir, os beneficiarios recibirán anticipadamente o 100% do importe coa presentación dunha declaración responsable, debendo entregar os xustificantes correspondentes no prazo de 3 meses dende á recepción da axuda. Deste xeito non será necesario documentar o cumprimento de todos os complexos requisitos esixidos polo Estado como paso previo para acceder ao diñeiro.

De acordo co establecido no Real Decreto-ley 5/2021, a orde autonómica específica que as persoas traballadoras autónomas e empresas beneficiarias comprométese a manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022, non repartir dividendos durante os anos 2021 e 2022 e non aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante un período de dous anos.

### Tres programas

A orde autorizada hoxe polo Consello da Xunta divide o orzamento en tres programas. Para o primeiro deles, de apoio ás persoas traballadoras autónomas e profesionais que tributen por módulos, resérvanse un total de 150 millóns de euros. O segundo programa, ao que se destinan 50 millóns de euros, vai dirixido a persoas traballadoras autónomas individuais ou con ata 10 traballadores e empresas de ata 25 traballadores cun volume de facturación de ata 2 millóns de euros. O programa tres, cun orzamento de 34 millóns, inclúe a persoas traballadoras autónomas e empresas con máis de 10 traballadores e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de euros, así como a empresas de máis de 25 traballadores.

A distribución dos fondos, pactada cos interlocutores sociais, prioriza a autónomos e pequenos empresarios, que conforman o 97% do tecido produtivo de Galicia, reservando como mínimo o 85% do importe do III Plan de Rescate, é dicir, os 200 millóns de euros do primeiro e o segundo programas de apoio.

### Importe das axudas

Polo que se refire ás axudas, para os traballadores autónomos que tributan por módulos (primeiro programa) o importe ascenderá a unha única axuda de 3.000 euros. Os importes para o caso de autónomos e empresas de ata 10 traballadores (segundo programa) será dun mínimo de 6.000 euros ata un máximo de 11.000 segundo as escalas de facturación e o número de persoas traballadoras. Os apoios económicos para os autónomos ou empresas do terceiro programa irán dos 10.000 euros como mínimo ata os 30.000 euros, tamén en función das perdas e do número

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de empregos. Todos os casos serán aplicables sempre que se acrediten débedas pendentes de pago segundo os requisitos establecidos no Real Decreto-ley 5/2021. A nova orde sairá no DOG a vindeira semana. Os interesados terán un mes de prazo para presentar solicitudes.

### **Balance do primeiro e segundo plan**

Con esta nova edición de axudas directas, a Xunta de Galicia levará publicado en seis meses un total de tres plans de rescate dirixidos aos sectores mais prexudicados pola pandemia, que suman mais de 416 millóns de euros.

A Xunta de Galicia leva investidos 182 millóns de euros entre o primeiro e o segundo plan de rescate. O primeiro programa de apoios económicos directos, publicado no pasado mes de decembro, sumou 86 millóns de euros e permitiu atender un total de 33.600 solicitudes de axuda presentadas por autónomos e microempresas, que xa están pagadas na súa totalidade.

O segundo plan de rescate, publicado en marzo, ascendeu inicialmente a 75 millóns de euros, pero incrementouse o orzamento no mes de maio en 21 millóns, ata chegar aos 96, para poder atender á maior parte das solicitudes presentadas. Nestes momentos xa están abonadas un total de 32.771 solicitudes do segundo plan de rescate, que suman 87,2 millóns de euros, é dicir, o 91% do orzamento reservado para este programa.

A estas axudas directas hai que engadir outros 140,2 millóns de euros outorgadas por diferentes departamentos da Xunta e vencelladas coa covid-19 como as dirixidas especificamente a axencias de viaxes, ocio nocturno, orquestras, axudas ao alugueiro, sector das artes escénicas e musicais ou ao sector do vacún, entre outras.

### **Hostalaría e comercio**

Entre o primeiro e o segundo plan de rescate, a Xunta de Galicia leva abonados ao sector hostaleiro un total de 86,8 millóns de euros, é dicir, o 47,6% do orzamento total de ambos programas de apoio económico aos sectores máis prexudicados pola crise sanitaria, o que supuxo atender as solicitudes de case 21.000 beneficiarios.

En canto ao sector do comercio, abonáronse cerca de 7.000 axudas dos dous primeiros plans, por un valor total de 16,4 millóns de euros.

## A XUNTA AMPLIA A SÚA COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E VIGO PARA O CONTROL DE MOSQUITOS TRANSMISORES DE ENFERMIDADES

- *Cun orzamento de 435.600 euros, duplica o investimento que se destinou no ano 2017, cando se estableceu o primeiro convenio*
- *Permitirá mellorar a identificación dos mosquitos transmisores, tanto de enfermidades a humanos como a animais, e facilitará a posta en marcha de medidas de prevención para evitar a transmisión autóctona de enfermidades como o dengue, o zika ou o chikungunya, que na actualidade son casos importados de zonas endémicas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre as consellerías de Sanidade e de Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para a vixilancia de certas especies de mosquitos transmisores de enfermidades que poden afectar os humanos e os animais.

No ano 2017 asinouse un primeiro convenio para coñecer de xeito temperán a posible existencia de mosquitos aínda non presentes en Galicia, como o mosquito tigre, así como identificar as densidades de especies xa presentes, como os culex e flebótomos, tamén transmisoras de enfermidades, tanto humanas como animais, como a da febre do virus do Nilo Occidental ou da leishmaniose. Ese convenio inicial tivo un orzamento de 217.800 euros en tres anos.

Agora, a Xunta de Galicia ampliou este convenio por outros tres anos, duplicando o investimento, que pasa a ser de 434.600 euros, e do cal cada universidade recibirá o 50%. Permitirá mellorar a identificación dos mosquitos transmisores, tanto de enfermidades a humanos como a animais, e facilitará a posta en marcha de medidas de prevención para evitar a transmisión autóctona de enfermidades como o dengue, o zika ou o chikungunya, que na actualidade son casos importados de zonas endémicas.

Coa rede de vixilancia xa constituída, no ano 2017 detectouse no concello de Arbo a presenza de mosquitos *Aedes vittatus*, posibles vectores de enfermidades como dengue ou chikungunya e responsables de gromos de febre amarela en África. Posteriormente, no ano 2020 detectouse, novamente, *Aedes Vittatus* e *Aedes Vexans*.

Ademais, téñense identificado especies de *Anopheles*, vector da malaria e, concretamente e por primeira vez en Galicia, *Anopheles plumbeus*, que, aínda que pica sobre todo as aves, pode favorecer a presenza de malaria en humanos. Tamén se ten detectado a presenza, por primeira vez en Galicia, de *Culex torrentium*, vector con alta eficiencia na transmisión do virus do Nilo Occidental.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este novo convenio trátase de aumentar os puntos de vixilancia, ademais de introducir outros tipos de trampas para adultos coa finalidade de aumentar as colleitas. Así mesmo, está previsto deseñar e poñer en marcha unha páxina web para a comunicación á poboación dos riscos que supoñen os insectos como vectores de enfermidades.

Os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a presenza ou ausencia, distribución e densidade dos vectores, o que é moi relevante sanitariamente, tanto desde o punto de vista da saúde pública como da sanidade animal, sen esquecer que algunhas das enfermidades se comparten entre humanos e animais.

## **SANIDADE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS COLABORAN PARA MELLORAR O DIAGNÓSTICO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS, SANIDADE E OSTRATAMENTOS ONCOLÓXICOS PERSONALIZADOS**

- *Asinan un convenio dentro do proxecto Innova MicroLab, polo que se traballará para desenvolver dúas plataformas, unha para o diagnóstico ultrarrápido de calquera proceso infeccioso e con detección temperá de bacterias resistentes aos antibióticos, e a outra para personalizar tratamentos e desenvolver novas terapias innovadoras, mediante a secuenciación do microbioma humano*
- *Trátase dun proxecto de innovación sanitaria cun investimento de 5,7 millóns de euros que se executará ata 2023, cofinanciado nun 80% por fondos Feder*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o convenio asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos que se enmarca dentro das accións para levar a cabo o proxecto InnovaMicroLab, ao cal se destina un investimento de 5,7 millóns de euros e que se executará ata 2023.

O proxecto Innova MicroLab xorde da necesidade de encarar un grave problema de saúde existente a nivel mundial, como son as resistencias a antimicrobianos, e evitar a posibilidade de que determinadas infeccións se convertan en incontrolables por este motivo. A través da Compra Pública Innovadora, preténdese desenvolver dúas plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns.

A primeira delas é unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico ultrarrápido, capaz de diagnosticar calquera proceso infeccioso en poucas horas e con detección temperá de bacterias resistentes aos antibióticos. Deberá permitir obter resultados válidos para enfermidades como a meninxite/meningoencefalite, pneumonía e bacteriemia/sepse, a partir de calquera mostra clínica biolóxica.

A segunda consiste tamén nunha plataforma automatizada que, neste caso, combinará técnicas como a secuenciación do microbioma humano con ferramentas informáticas de última xeración e Big Data. O obxectivo que persegue é o de estudar e analizar cambios no microbioma humano (principalmente microbiota intestinal) asociados á xénese e prognóstico de enfermidades. Deste xeito, poderase mellorar a personalización dos tratamentos e o desenvolvemento de novas terapias innovadoras, para a súa vinculación á resposta de pacientes oncolóxicos á inmunoterapia.

O desenvolvemento destas plataformas tecnolóxicas, totalmente automatizadas, redundarán dun xeito claro e directo na saúde dos cidadáns. O proxecto está en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concordancia coa Estratexia Sergas 2020, que aposta pola promoción de tecnoloxías que permitan unha xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario e, ao mesmo tempo, pola promoción de infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

O proxecto Innova Microlab é unha iniciativa cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 no marco dun convenio de colaboración formalizado entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Servizo Galego de Saúde o pasado mes de decembro.

En concreto, este convenio enmárcase na liña de fomento da innovación desde a demanda e da compra pública innovadora que busca promover o desenvolvemento de solucións para necesidades non cubertas dos servizos públicos a través do mecanismo da compra pública de innovación. O que se busca é mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia, por unha banda, e mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial, por outra.

De acordo con iso, os seguintes pasos que se darán no desenvolvemento deste proxecto de innovación serán a formulación de consultas preliminares ao mercado, para solicitar información de operadores económicos, axentes sociais e axentes de coñecemento. Tamén se queren identificar as características das posibles solucións que mellor se adapten aos requisitos do servizo e ás necesidades dos usuarios e, posteriormente, a licitación dun expediente de compra pública precomercial, que é un tipo de contratación empregado para os servizos de I+D co cal se tratará de concretar as solucións propostas.

Estas actuacións encóntranse dentro da importante aposta do Servizo Galego de Saúde pola innovación e complementáanse co Plan de innovación sanitaria Código 100, centrado no envellecemento activo e saudable e os plans de innovación sanitaria InnovaSaúde e Hospital2050, no marco das actuacións de impulso da compra pública de innovación en saúde.

## **SANIDADE DESTINA MÁIS DE 850.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NOS ÁMBITOS DOS TRASTORNOS MENTAIS E ADICTIVOS**

- *O obxectivo principal é impulsar a realización de accións que melloren a asistencia aos trastornos mentais e que diminúan o impacto que producen nas persoas afectadas e nos seus achegados*
- *A convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e inclúe, entre as súas novidades, unha liña de actuación específica para a prevención do suicidio*

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas de interese xeral nos ámbitos dos trastornos mentais e adictivos. Para esta convocatoria, destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, a Xunta de Galicia investirá un total de 864.509 euros.

Con este orzamento, o Executivo galego continúa a executar o Plan de saúde mental de Galicia postCOVID 2020-2024, cuxo obxectivo principal é realizar accións que melloren a asistencia dos trastornos mentais, así como diminuír o impacto destas doenzas, tanto nas persoas que as sofren, como nos seus achegados.

A convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e poderán acceder a ela aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofren doenzas de tipo mental.

Neste sentido, as iniciativas susceptibles da concesión destas axudas están divididas en 5 liñas de actuación. Nomeadamente: proxectos de investimento en melloras nos centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais ou preventivos en materia de trastornos mentais; programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo; programas de prevención de recaídas no alcoholismo ou na ludopatía e programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais - incluídos os trastornos adictivos-. Por último, e como novidade, artellouse unha liña específica de financiamento para desenvolver programas destinados á prevención do suicidio.

En 2021, a pegada da pandemia provocada pola COVID-19 na poboación galega fai preciso un apoio especial para todos os tipos de trastornos mentais, incluídos os adictivos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Porén, cómpre promover programas que se poidan levar a cabo nas actuais condicións de distanciamento social e eventual illamento. Por este motivo, con esta orde tamén se favorece a realización de programas de teleasistencia e atención domiciliaria, programas destinados á atención de menores en situación de risco de padecemento dun trastorno mental e outros colectivos vulnerables.

Estas axudas dan continuidade ás realizadas ao longo do ano 2020 e no primeiro terzo de 2021, cuxo valor superou os 1.035.579 euros, a través dunha convocatoria de axudas extraordinaria por valor de 517.060 euros, convenios nominativos por un valor de 399.019 euros, e unha liña para programas de prevención de recaídas en alcoholismo e ludopatía por valor de 119.500 euros.

## O GOBERNO GALEGO INCREMENTA NUN 10% A CONTÍA DO BONO CONCILIA, AO CAL DESTINARÁ UN TOTAL DE 2 MILLÓNS DE EUROS EN 2021

- *Suporá unha axuda de entre 50 e 275 euros ao mes por un neno que asiste á escola a xornada completa con comedor*
- *Neste curso axudou a rebaixar as mensualidades ás nais e pais de 1.420 primeiros fillos, xa que para os segundos e sucesivos o primeiro ciclo de educación infantil é gratuíto*

O Consello da Xunta aprobou a convocatoria do Bono Concilia para o ano 2021, que incrementará un 10% a súa contía ata os 2 millóns de euros ampliables. Isto suporá chegar a axudas de entre 50 e 275 euros ao mes por neno que asiste á escola a xornada completa con comedor. Esta prestación está deseñada para que as familias financien unha praza de escola infantil da súa elección en caso de non ter obtido unha praza pública.

Só neste curso o Bono Concilia axudou a rebaixar as mensualidades ás nais e aos pais de 1.420 primeiros fillos. Trátase, ademais, dunha prestación compatible con outras destinadas a sufragar os gastos das escolas infantís, sempre que non se supere o custo da praza.

Para obter o Bono Concilia é necesario ter pedido antes de solicitalo unha praza pública e que, ou fose denegada, ou non se axuste ás necesidades de horario das familias porque os dous pais traballan pola tarde ou en quendas rotatorias.

### **Axuda para primeiros fillos**

Esta prestación beneficia na actualidade só os primeiros fillos, xa que desde o mes de abril do ano pasado todos aqueles segundos fillos e sucesivos teñen o 100% da atención educativa gratis en calquera escola infantil, tanto pública como privada, ou de iniciativa social.

## A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 484.000 EUROS A UN CONVENIO CO GOBERNO CENTRAL PARA MELLORAR OS CONTROIS DA PAC

- *O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura dun acordo co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) para a realización de traballos de control por monitorización das axudas da PAC nas campañas de 2021 e 2022*
- *Potenciarase o uso das novas tecnoloxías e as imaxes de satélites sobre o 100% das superficies declaradas no total das solicitudes para determinar que se respectan as condicións da axuda solicitada*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Fondo Español de Garantía Agraria (Fega) para a realización de traballos de control por monitorización das axudas da PAC nas campañas de 2021 e 2022. Así, en virtude deste acordo, a Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), achegará un total de 484.225,11 euros ata marzo de 2023 para sufragar os custos de execución destes labores na nosa Comunidade.

O convenio ten por obxecto establecer a cooperación entre ambas as partes para realizar controis por monitorización sobre as parcelas agrícolas declaradas na solicitude única da PAC das campañas 2021 e 2022 no que atinxe aos criterios de admisibilidade, compromisos e outras obrigas que poidan ser obxecto de control.

Deste xeito, avánzase na extensión do sistema de control coñecido como monitorización, que consiste en utilizar as novas tecnoloxías e as imaxes de satélites sobre o 100% das superficies declaradas no total das solicitudes, para determinar que se respectan as condicións da axuda solicitada.

Así, para introducir progresivamente este control -que será obrigatorio na nova PAC- nesta campaña o Fogga estenderá a monitorización a un total de 24 concellos de toda Galicia. Serán 7 da provincia da Coruña, 8 da de Lugo, 6 de Ourense e 3 de Pontevedra, correspondentes, respectivamente, ás comarcas de Ordes, Lugo, Allariz-Maceda e Tabeirós.

O sistema de control por monitorización que recolle o convenio durante os anos 2021 e 2022 permite monitorizar as superficies para substituír os controis sobre o terreo das parcelas agrarias e axuda ás persoas beneficiarias para cumpriren os criterios de admisibilidade, compromisos e outras obrigacións, así como para permitirilles solucionar os problemas que se poidan suscitar.

### Importancia das axudas da PAC

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas agrícolas da PAC supoñen unha parte substancial dos orzamentos da UE en consonancia coa súa grande importancia. Son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no noso rural.

No marco financeiro actual, Galicia vén percibindo anualmente uns 170 millóns de euros de axudas directas, ademais doutros 32 millóns de axudas de desenvolvemento rural suxeitas ao denominado Sistema integrado de xestión e control SIXC. Polo tanto, as axudas directas e de desenvolvemento rural SIXC supoñen uns 200 millóns anuais para o rural galego.



## GALICIA CONTARÁ CUN PLAN DESTINADO A PRESERVAR A CULTURA MARÍTIMA CON HORIZONTE 2030

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Executivo galego e a Universidade da Coruña para elaborar un documento base deste plan*
- *A Consellería do Mar destinará a esta actuación máis de 192.500 euros e a Universidade da Coruña realizará unha investigación para elaborar un diagnóstico concreto da cultura do mar en todo o litoral galego*
- *Ademais, debaterase con expertos vinculados ao sector do mar, coas principais asociacións da cultura marítima e con outros axentes relacionados con este ámbito*
- *O convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, con posibilidade de prórroga se así o deciden as partes asinantes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Plan da cultura marítima-horizonte 2030. A través desta vía redactarase un documento base deste plan no cal se proporán liñas estratéxicas, iniciativas e accións para o período 2021-2023 e os pasos que cómpre seguir no futuro co obxectivo de preservar a cultura marítima de Galicia.

A esta colaboración a Consellería do Mar destina máis de 192.500 euros para distribuír nas anualidades 2021-2023 e para cubrir os custos do desenvolvemento das accións que abarca o convenio, das persoas investigadoras e de apoio e os gastos correntes de desprazamentos e material funxible, entre outros. A Fundación Universidade da Coruña, como responsable da xestión económica de contratos de investigación da UDC, encargárase da administración e xestión económica do convenio.

O traballo que se vai realizar cubrirá todo o litoral galego para definir as liñas das políticas culturais unindo as tradicións e o valor do patrimonio marítimo. Para iso, a Universidade da Coruña realizará unha investigación que estará dirixida polo profesor e experto na materia, Óscar Fuertes Dopico, e a Consellería do Mar facilitaralle apoio e asesoramento técnico cando sexa preciso.

Nela abordarase unha análise para un diagnóstico concreto da cultura do mar e, ademais, debaterase con expertos vinculados ao sector do mar, coas principais asociacións da cultura marítima e con outros axentes relacionados con este ámbito.

Estes labores realizaranse en seis fases. As tres primeiras son a de investigación, a de elaboración dun documento marco preliminar e lanzamento entre os axentes culturais, e a de seguimento e realización das accións. As partes restantes serán a de análise e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

resultado das accións e propostas de futuro, a coordinación dos efectos das accións e das necesidades futuras e a elaboración dun documento de actualización do plan inicialmente proposto, pois será un documento vivo.

O cronograma de accións que abarca esta colaboración estenderase desde outubro de 2021 ata decembro de 2023. De feito, o convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, con posibilidade de prórroga se así o deciden as partes asinantes.

Para cuestións de interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir durante a execución do convenio crearase unha comisión de seguimento que estará constituída por dous representantes da Consellería do Mar e dous representantes da Universidade da Coruña.

O Plan da cultura marítima-horizonte 2030 terá como finalidade promover a protección e consolidación do patrimonio galego vinculado ao mar, como construcións, obxectos e creacións inmateriais. Para iso tratará de compilar a presenza dos elementos culturais e patrimoniais e analizar o seu estado de conservación, entre outros aspectos. Este acervo resulta de gran valor porque explica a transformación do territorio e o modo de vida da xente do mar, a súa construción social e cultural ao longo do tempo e a evolución dos seus oficios e técnicas.

**Aposta do Executivo galego**

Este convenio de colaboración enmárcase na aposta da Xunta pola posta en valor e recuperación do patrimonio marítimo de Galicia. Unha cuestión que tamén se reflicte por outras vías como, por exemplo, a dos grupos de acción local do sector pesqueiro aos cales se poden presentar proxectos que fomenten a conservación do patrimonio relacionado co mar, cos cales poden optar ás axudas que o Goberno autonómico destina ás iniciativas destes grupos.

Outra mostra é o estudo do bordo litoral desde a enseada de Broña a Punta Barquiña no concello de Outes, do cal é responsable Óscar Fuertes Dopico e que contou co apoio da Consellería do Mar. Este traballo pon en valor diferentes construcións do litoral desta zona, como antigas ramplas, diques, casetas de pescadores ou estaleiros tradicionais, que amosan unha parte do pasado da Galicia mariñeira e establece liñas de actuación para poder garantir a súa protección.

## **UN TOTAL DE 5.260 ESTABLECEMENTOS DE TODA GALICIA ADHERÍRONSE AO BONO ACTIVA COMERCIO POSTO EN MARCHA POLA XUNTA PARA FOMENTAR AS COMPRAS DE PROXIMIDADE**

- *A maioría dos comercios que se uniron a esta iniciativa pertencen ao sector téxtil e de calzado, aínda que tamén teñen gran presenza as librarías; os salóns de peiteado e as barbarías, e os establecementos de venda de electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico*
- *A provincia da Coruña é a que conta con máis negocios nos cales se pode utilizar o bono, con 1.982 tendas, seguida de Pontevedra (1751), Lugo (814) e Ourense (713)*
- *Máis de 126.000 clientes xa descargaron o bono desconto de 30 euros, que segue dispoñible en [bonosactivacomercio.gal](http://bonosactivacomercio.gal)*

O Consello da Xunta de Galicia deu conta hoxe do balance da iniciativa Bono Activa Comercio, despois de que o pasado luns 31 de maio se pechase o prazo de rexistro para os negocios interesados. Así, un total de 5260 tendas de toda Galicia uníronse a este programa posto en marcha desde a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación co obxectivo de fomentar o comercio de proximidade.

Os establecementos relacionados co sector téxtil e de calzado son os que máis decidiron participar nesta campaña –1151, e supoñen o 30% do total–, así como o comercio polo miúdo de libros e artigos de papelería –393– ; os servizos de peiteado e barbaría –332–, e os establecementos de material eléctrico, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico –323–. Unhas cifras que sinalan a aposta dos galegos e galegas por un comercio de confianza baseado na calidade e o trato personalizado, máis neste novo escenario orixinado pola pandemia.

Por provincias, A Coruña é a que conta con máis comercios adheridos, con 1982; seguida de Pontevedra, que sumou 1751; Lugo, con 814; e Ourense, onde un total de 713 establecementos contan co distintivo do Bono Activa Comercio.

Con respecto aos usuarios, actualmente son máis de 126.000 os galegos e as galegas que xa descargaron o bono desconto por valor de 30 euros, dos cales 53.300 pertencen á provincia da Coruña; 39.200 á de Pontevedra; preto de 17.000 á de Lugo e máis de 16.500 á de Ourense. Todos aqueles consumidores que aínda non descargaron o seu bono, están a tempo de facelo na web [bonosactivacomercio.gal](http://bonosactivacomercio.gal).

A iniciativa, deseñada en colaboración coa Federación Galega de Comercio, enmárcase dentro do Plan de medidas específicas de apoio ao comercio galego, que conta con

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas específicas para incentivar o consumo e apoiar a modernización do sector a través da dixitalización e o comercio en liña.

En concreto, o Bono Activa Comercio conta cun orzamento de 10M€ con que se pretenden mobilizar 55 millóns no sector e chegar a 330.000 clientes en toda Galicia, que poden obter aínda o seu bono con 30 euros de desconto para compras en establecementos locais.

### **Axudas para impulsar a modernización**

Co obxectivo de que o comercio de proximidade dea o salto dixital, a Xunta tamén mantén aberta a liña de axudas para a implantación e o impulso da dixitalización e a modernización do sector comercial e artesanal galego ata este venres 4 de xuño. A convocatoria, de concorrencia competitiva, conta este ano cun orzamento de 5M€ –o que supón 1,2M€ máis que na edición anterior– e diríxese ao comercio polo miúdo e aos obradoiros artesanais. As axudas cobren ata o 80% e existe a posibilidade de acceder a anticipos de ata o 50% do importe da axuda.

Esta liña recolle axudas que están dirixidas a establecementos e obradoiros que queiran afondar no comercio pola internet –con apoios para páxinas web con venda en liña ou melloras e actualizacións–; ou realizar actuacións de comunicación, publicidade e márketing; e incorpora como novidades o apoio á participación en eventos efémeros ou feiras dixitais e actuacións de loxística *e-commerce*. Por outra parte, apoiaranse tamén nesta liña actuacións de adquisición de equipamentos, propias da actividade comercial e artesanal.



## O SECTOR AGRÍCOLA AFORRARÁ 2 MILLÓNS DE EUROS AO ANO GRAZAS AOS APOIOS DA XUNTA PARA IMPULSAR O USO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A EFICIENCIA ENERXÉTICA

- *O Goberno galego conta cun total de 5,4M€ que destina a unha nova convocatoria para mellorar a eficiencia das explotacións agropecuarias e para a liña de renovables en instalacións agropecuarias*
- *O obxectivo é apoiar ao redor de 500 actuacións, mobilizar 22,8M€, conseguir unha redución de CO2 equivalente a plantar 275.000 árbores e crear ou manter máis de 180 empregos*
- *Un total de 1,67M€ proceden do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética e destinaranse á mellora enerxética das instalacións de regadío e ao fomento das renovables a través de actuacións nas envolventes, en instalacións térmicas ou en iluminación, entre outras*
- *A Xunta concederá 420 apoios tras ampliar ata os 3,7M€ o orzamento da convocatoria para mellorar a incorporación de enerxías renovables e o aumento da eficiencia enerxética das explotacións agrícolas*
- *Desde o inicio desta liña en 2017, e con esta nova resolución, a Administración chega case ao millar de iniciativas apoiadas con axudas de preto de 11,5M€*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá o conxunto das axudas que pon este ano á disposición do sector agrícola co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e tamén o uso das enerxías renovables nas explotacións agropecuarias galegas. Os apoios, aos cales se destinan 5,4M€, permitirán impulsar case 500 actuacións e mobilizar 22,8 millóns de euros, aforros anuais na factura enerxética de preto de 2M€, o impacto equivalente á redución de CO2 de plantar 275.000 árbores, así como a creación ou mantemento de 184 postos de traballo.

Por unha banda, a Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, conta cun total de 1,67M€ procedentes do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética que se destinarán a unha convocatoria de apoio á implantación de tecnoloxía eficiente nas explotacións agropecuarias que reduza o consumo inicial en, polo menos, un 10%. As axudas, de concorrencia non competitiva, poden destinarse á mellora da eficiencia enerxética das instalacións de regadío – substitución de grupo de bombeo por outros máis eficientes desde o punto de vista enerxético; implantación de variadores de frecuencia e arrancadores estáticos; implantación ou modernización de sistemas de regulación, control e monitoraxe da rede de rega, ou instalación e substitución de baterías de condensadores nas estacións de bombeo, por exemplo–.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se poden utilizar para a mellora enerxética e uso de enerxías renovables nas explotacións como, por exemplo, actuacións sobre a envolvente térmica; nas instalacións térmicas de calefacción, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria; substitución da enerxía convencional en instalacións térmicas por enerxías renovables térmicas, ou a reforma ou substitución de instalación de iluminación interior e exterior, entre outras.

A axuda máxima por proxecto será de 1M€ e poderán optar a elas tanto as persoas físicas como xurídicas titulares dunha explotación gandeira; as comunidades de regadores e outras organizacións; os titulares de explotacións agrícolas de regadío; organizacións ou asociacións de produtores agrícolas; comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadás de enerxía, así como empresas de servizos enerxéticos.

Por outra banda, a Xunta ampliará ata os 3,7M€ a convocatoria de axudas para proxectos de enerxías renovables e eficiencia enerxética no sector agrícola primario –o orzamento inicial era de 2,5M€– co obxectivo de atender un maior número de solicitudes. Esta ampliación permitirá apoiar un total de 420 proxectos. En concreto, destaca a fotovoltaica con 386 iniciativas, seguida da biomasa con 10 proxectos, sete actuacións de minieólica, tres bombas de calor xeotérmicas e outras tres de aerotermia, ademais de 11 proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

A novidade desta convocatoria foi a de fomentar as axudas en explotacións agrarias que carezan delas e nas situadas en zonas economicamente menos favorecidas, para o cal se tiveron en conta os datos do IGE da renda dispoñible bruta por habitante dos concellos galegos. A Xunta convocou por primeira vez en 2017 esta liña específica de proxectos renovables para este sector e, desde entón e contando con esta convocatoria, son xa preto de 1.000 iniciativas con axudas de case 11,5M€.

Con estas dúas liñas de axudas, o Goberno galego, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), pretende seguir fomentando os investimentos en proxectos de aforro enerxético no sector agropecuario, así como impulsar o uso de enerxías renovables. Deste xeito, redúcense os custos enerxéticos mellorando a competitividade deste tipo de explotacións á vez que diminúe o consumo de enerxías convencionais, o que aumenta a eficiencia enerxética e a mellora ambiental das áreas rurais. Así tamén se contribúe á revitalización do ámbito rural e do sector agrícola primario, un dos seus principais motores económicos.

## A XUNTA MELLORA A ORGANIZACIÓN DA XESTIÓN DOCUMENTAL DOS SEUS ARQUIVOS, QUE SUMAN MÁIS DE 164 KM DE DOCUMENTOS

- *Vén de editar un novo instrumento con instrucións técnicas para guiar os traballadores de xestión e de oficina, que distribuirá o 9 de xuño*
- *A intención é concienciar da importancia destas accións tanto para facilitar o traballo da Administración e o acceso da cidadanía e investigadores*
- *Enmárcase nos traballos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que está a avanzar no Plan de arquivos para optimizar a custodia de documentación*

A Xunta de Galicia distribuirá o vindeiro 9 de xuño, coincidindo co Día Internacional dos Arquivos, unha nova guía de xestión documental para os traballadores dos arquivos de xestión e de oficina das súas sedes. A intención é concienciar da importancia de levar a cabo unha adecuada xestión destes documentos, tanto para facilitar o traballo da Administración como para mellorar os dereitos de acceso da cidadanía e investigadores.

A iniciativa enmárcase na liña de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que está a avanzar no Plan de arquivos para mellorar a xestión dos documentos que custodia tanto na súa sede central como nas provinciais. Estanse ultimando as liñas do dito plan grazas a un diagnóstico en máis de 1.000 locais destinados ao depósito documental da Xunta, que custodian algo máis de 164 km de documentación, dos cales case 59km corresponden aos servizos centrais e algo máis de 100 ás xefaturas territoriais. Tamén se detectou a necesidade de reforzar os coñecementos por parte do persoal que manexa a documentación, para aplicar un correcto tratamento arquivístico aos fondos.

As medidas do plan, que será presentado proximamente, permitirán optimizar a xestión arquivística da Xunta e afondarán na toma de conciencia de que unha adecuada xestión documental en orixe permitiría mellorar o servizo e tamén a liberación dunha parte do espazo, que ao longo prazo tería impacto directo no investimento preciso para o depósito de fondos documentais.

### **Maior concienciación**

Neste contexto, a guía afondará nesta concienciación proporcionando uns criterios básicos e resolvendo cuestións de interese arredor da xestión documental das distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia. Está elaborada a partir dos criterios técnicos definidos pola Subdirección Xeral de Arquivos e Museos da Secretaría Xeral de Cultura e será distribuída a semana que vén ao persoal da Xunta de Galicia. Contará cunha versión en papel e outra dixital.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través de 14 puntos proporciona unha serie de claves para comprender o sistema de xestión documental da Xunta; proporcionar sinxelos, pero efectivos, criterios técnicos que se deben aplicar nos arquivos de oficina; entender as condicións para realizar transferencias documentais; aclarar o procedemento para a eliminación de documentos administrativos e delimitar as condicións para o acceso ou a recuperación de documentos transferidos aos arquivos centrais ou intermedios.



## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *A totalidade do orzamento aprobado dedícase á adquisición de material de laboratorio e equipamentos de protección individual, ademais de material sanitario*
- *A adquisición de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe mércores a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor total de 3.656.267 euros, para subministrar material fronte á COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo.

Este expediente recolle a adquisición de material de laboratorio por valor de 2.363.236 euros. Ese importe repártese entre probas PCR de detección xenética COVID, ás cales se destina un total de 2.049.120 euros; unidades de reactivos auxiliares, así como diverso material de microbioloxía e bioquímica por valor de 389.116 euros; e probas rápidas de detección COVID en mostras orofarínxeas/esputo cun importe total de 198.000 euros.

Para a compra de equipamentos de protección individual invístense 736.661 euros na adquisición de 3.308658 luvas de protección, e 263.820 euros para mercar 529.280 máscaras e batas de protección individual. O resto do orzamento aprobado esta mañá inclúe a compra de 230 equipamentos, tubuladuras e máscaras para equipamentos respiratorios cun custo total de 19.500 euros.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas. O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

## A XUNTA RENOVA O PLAN DE FAMILIAS NUMEROSAS, QUE DUPLICARÁ O SEU FINANCIAMENTO ATA OS 62M€

- *O documento engloba un total de 48 medidas en cinco ámbitos distintos e estenderase ata o ano 2023*
- *Entre as novidades está a creación do título de familia numerosa dixital, que permitirá un acceso máis cómodo e individualizado*
- *Tamén está previsto que este verán comecen a aplicarse os descontos a familias numerosas nas autoestradas autonómicas*
- *No ámbito da educación inclúese a redución ou exención das matrículas universitarias e as axudas no servizo de comedor escolar*
- *Aplícanse bonificacións do 50% no canon da auga e vertedura e ofrécense achegas para facer fronte á factura eléctrica, que chegan aos 450 euros ao ano*
- *En materia de beneficios fiscais, en Galicia aplícanse deducións impositivas de ata o 100% para as familias numerosas que merquen a súa vivenda habitual no rural*

O Consello da Xunta deu luz verde ao novo Plan de familias numerosas, que duplicará o seu financiamento ata os 62 millóns de euros. Este documento recolle un total de 48 medidas para ofrecer axudas en distintos ámbitos ás familias con tres fillos ou máis repartidas en cinco áreas de actuación: educación, cultura e lecer; vivenda, transporte e subministración; apoio ás familias para a conciliación corresponsable e o impulso demográfico; beneficios fiscais; e outras medidas. Entre as principais novidades destaca a dixitalización do título de familias numerosas, que permitirá ter un acceso máis cómodo e individualizado.

Trátase da renovación do Plan de familias numerosas 2013-2016, horizonte 2020, que tivo que demorar a súa modificación por mor da pandemia. Este novo documento abarcará ata o ano 2023 e recolle outras novidades, como os descontos nas autoestradas dependentes da Xunta, unha medida que se fará realidade este verán. Ademais, o Goberno galego segue a insistir na reivindicación de que o Goberno central introduza rebaixas de ata o 60% para estas familias na AP-9.

### **Axudas na educación**

Entre as axudas deste plan están aquelas referidas ao acompañamento dos máis pequenos polas diferentes etapas educativas e tamén nas actividades de cultura e lecer. Así, inclúe a redución ou exención, no caso das familias numerosas de categoría especial, do pagamento das matrículas universitarias, unhas vantaxes que se estenden a outros estudos superiores, residencias ou ao pagamento das taxas para a expedición de títulos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, tamén se ofrecen descontos na compra de entradas en espectáculos e eventos culturais ou axudas para o servizo de comedor escolar para o alumnado de ensino básico obrigatorio.

### **Beneficios para o acceso á vivenda**

En segundo lugar, o Goberno galego busca acompañar as familias numerosas no seu acceso á vivenda. Por iso, Galicia é das comunidades que as incorporou como sector preferente no Plan estatal de vivenda. Así mesmo, aplícanse bonificacións do 50% no canon da auga e vertedura e ofrécense axudas para facer fronte á factura eléctrica, que chegan aos 450 euros ao ano.

No ámbito do transporte ofrécense descontos do 20 ou do 50% nas viaxes en transporte público da Xunta para familias numerosas de categoría xeral e especial, respectivamente.

### **Alternativas para conciliar**

A terceira área en que se centra este plan é na axuda ás familias que precisan conciliar a súa vida laboral e familiar. Neste sentido, ofrécense axudas para redución de xornada, que no caso das familias numerosas poden ser de ata 3.700 euros para compensar a renuncia á metade da xornada laboral.

Neste aspecto, a Xunta tamén duplica a contía da Tarxeta Benvida para as familias numerosas. Pode chegar aos 2.400 euros ata os tres anos, e aos 3.000 no caso dos fogares do rural. Así mesmo, neste punto tamén se inclúe a gratuidade das escolas infantís para segundos fillos e sucesivos, unha medida que beneficia a totalidade das familias numerosas de Galicia.

### **Beneficios fiscais**

A cuarta área de actuación é a referida aos beneficios fiscais. Galicia é a única comunidade de España que ofrece unha dedución de ata o 100% do imposto sobre transmisións patrimoniais (ITP) e os actos xurídicos documentados (AXD) para as familias numerosas que merquen a súa vivenda habitual no rural. Así mesmo, tamén se recollen deducións autonómicas do IRPF, que poderán ir desde os 250 euros, na categoría xeral, ata os 800 euros no caso das familias numerosas especiais cun membro con discapacidade.

Por último, o Goberno galego ofrece outras vantaxes ás familias numerosas, como reducións das taxas en procesos selectivos de empregado público ou axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, unha medida que se encontra dentro da Estratexia Retorna 2020.